

## PERMISOS DE PESCA FLUVIAL PARA EL FOMENTO DEL TURISMO

### CAMPAÑA 2024

O Artigo 11 da *Lei 2/2021, do 8 de xaneiro de pesca continental de Galicia*, establece que se poden reservar ata un 10% dos permisos de pesca para o fomento do turismo.

Con este fin Turismo de Galicia estableceu un procedemento para a solicitude e uso deses permisos, que se explica a continuación.

1. Turismo de Galicia envía un correo electrónico a todas as casas de turismo rural e outros establecementos hostaleiros rústicos, de montaña ou da natureza situados nos concellos onde existen cotos de pesca fluvial.
2. Os aloxamentos que o desexen, localizados todos no medio rural, responden sobre o seu interese nos cotos pesqueiros que se atopan dentro do seu concello.
3. A Dirección Xeral de Patrimonio Natural establece o número de permisos que se poden solicitar en cada coto para fomento do turismo.
4. Finalmente os aloxamentos formulan a súa petición de permisos concretos segundo os días hábiles na tempada de pesca, e só para os cotos que lles interesen dentro do seu concello.

Os pescadores que desexan obter estes permisos deben ser clientes aloxados nos establecementos turísticos que contan cos mesmos. A este fin, e para salvagardar a claridade do procedemento, Turismo de Galicia poderá cotexar que as facturas do establecemento – emitidas nominalmente – coincidan co nome do pescador que utilice os permisos.

Os establecementos que contan con permisos de pesca fluvial para a tempada 2024 son os que se sinalan no cadro seguinte:

#### LUGO

Aloxamento solicitante	Concello	Río	Couto/os	Permisos concedidos	Tipo
<a href="#">Finca O Bizarro</a>	Trabada	Eo	San Tirso	11	Salmón
<a href="#">Lar de Vies</a>	A Pontenova	Eo	A Pontenova e Salmeán	33	Salmón
<a href="#">Casa do Merlo</a>	Barreiros	Masma	Celeiro	8	Salmón

#### OURENSE

Aloxamento solicitante	Concello	Río	Couto/os	Permisos concedidos	Tipo
<a href="#">Eido das Estrelas</a>	A Veiga	Xares	A Veiga	12	Troita

#### PONTEVEDRA

Aloxamento solicitante	Concello	Río	Couto/os	Permisos concedidos	Tipo
<a href="#">Torres de Moreda</a>	A Estrada	Ulla	Ximonde	13	Salmón
<a href="#">A Mimoseira</a>	A Estrada	Ulla	Ximonde	13	Salmón

Se vostede desexa acceder a un destes permiso de pesca fluvial para o fomento do Turismo contacte directamente con algún dos establecementos turísticos sinalados no cadro. Pode localizar os datos destes aloxamentos nesta mesma páxina oficial de Turismo de Galicia: [www.turismo.gal](http://www.turismo.gal)